



LIÑAS PRIORITARIAS

BIBLIOTECA ESCOLAR

Curso 2019/2020



ÍNDICE:

1.- Organización e xestión	5
2.- Dinamización e promoción dos recursos da Biblioteca, a súa integración no currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das Competencias Básicas do Alumnado.....	5
3.- Formación de usuarios e educación para o acceso á información	6
4.- Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro	6
5.- Obxectivos do Plan Lector	6
6.- Outras actuacións	7
7.- Criterios e procedementos de avaliación	8
8.- Designación da persoa responsable/dinamizador da Biblioteca Escolar. Equipo de apoio. Horario previsto	8

1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN:

- Seguiremos coa política do **expurgo** dos fondos existentes para renovar e ampliar o espazo, ademais de reorganizar e decorar o espazo do corredor que vai á biblioteca e á entrada.
- Continuar coa **reorganización dos libros** achegando os libros a altura do alumnado.
- Organizarase a **colaboración do alumnado voluntario** dos cursos de 6º, implicándoo en todas as tarefas posibles.
- Intentarase formar un **club de lectura**
- Buscarase un xeito máis áxil na ordenación dos libros nas estanterías **introducindo separadores con letras** entre as categorías máis abundantes.
- Aumentar ou modificar algún moble na zona dos máis pequenos para colocar e ordenar mellor os libros.

2.- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO:

Seguiremos coas actividades de dinamización e promoción contempladas nos Proxectos anteriores, engadindo as novas que funcionaron ben: **Mochila viaxeira**, “**Cóntame un conto**” (todos os xoves na hora de recreo), **Lectura colectiva** tanto nas aulas como no aire libre, traballos de **investigación de escritores e escritoras** moi presentes no curso, celebracións, exposicións.... “**Cine de escritores universais**” tendo en conta que a biblioteca funciona como un espazo aberto a comunidade educativa, e está totalmente integrada na vida cotián do centro, figurando en todos os documentos do mesmo (PEC, PCC, PXA) como un servizo permanente de recursos e formación para apoiar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O que se pretende, é a utilización da biblioteca escolar como un recurso fundamental de investigación, neste sentido fomenta a aprendizaxe ao longo de toda a vida e ten que xogar un papel primordial na contribución do desenvolvemento das competencias básicas, tanto no tratamento da información como no fomento á lectura, para que se poida facilitar o traballo nas áreas e materias do currículo.

3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN:

Seguiremos coas actividades de deseño de formación de usuarios e difusión do fondo documental . Iniciamos a formación de usuarios asistindo cada titor cos seus alumnos e alumnas unha hora a semana a biblioteca e facer propostas de actividades para conseguir usuarios autónomos.

4.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO:

En canto ó fomento da lectura seguiremos traballando con propostas por trimestres con temas monográficos orientados a autores relevantes, ou a celebracións ou a conmemoracións previstas para este vindeiro curso. Fomentarase o tempo de lectura con alternativas varias para manter esperto o espírito lector, facendo sempre protagonista ó alumnado.

5.- OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR:

- Incluir nos documentos institucionais as actuacións previstas para mellorar no alumnado a adquisición dunha adecuada competencia lectora e para fomentar o hábito lector.
- Prever as dificultades de lectura e escritura.
- Implicar ao conxunto das áreas na responsabilidade do desenvolvemento da competencia lectora de todo o alumnado.
- Contar cun plan estruturado e sistematizado para a ensinanza da lectura en todas as áreas.
- Establecer, no marco da programación de cada unha das áreas, as estratexias metodolóxicas que se consideren idóneas para o desenvolvemento da competencia lectora e o hábito lector.
- Determinar a diversidade de tipos de texto, xéneros textuais e/ou situacións de comunicación para as que se quere desenvolver a competencia lectora.
- Implicar ás familias.
- O horario no centro do Plan Lector é: 12:00 a 12:20 horas.

6.- OTRAS ACTUACIONES:

Actividades que se prevén facer o próximo curso:

- Mochila viaxeira.
- Contacontos/Trotacontos ou Conto Viaxeiro
- Participación no programa “Dálle a lingua”
- Participación no Salón do libro.
- “Traballos temáticos voluntarios”
- “Cine”: Todos os xoves: 1º Trimestre: “Cine con mensaxe” (Temas de índole ético/social). 2º Trimestre: Cine de Autor. 3º Trimestre: Cine Documental.
- Concursos: “De quen estamos a falar”
- Contos gravados (audio-contos) creados polo alumnado.
- “Cóntame un conto”: Faremos a lectura dun conto todos os venres na hora do recreo, para os nenos e nenas que queiran escoitalo.
- “Falamos do libros” Xafi pedirá aos nenos/as que escriban comentarios dos libros que len e os depositen na caixa de correos da biblioteca ou dixitalmente na caixa de correos que hai no blog. Unha vez recollidos expoñerémolos na biblioteca para que os poidan ler os demais .
- “Exposicións temáticas”: Ao longo do curso temos pensado facer exposicións de libros relacionados con personaxes o acontecementos importantes a nivel mundial, así como outros relacionados con diferentes celebracións (Magosto, Día da muller traballadora, Día da Paz...) ou con algún proxecto específico que queiramos levar a cabo cos nenos/as.
- **Día da Formación dos Usuarios.** Segundo as necesidades ou peticións do alumnado, buscar un día para formación dos mesmos: programas informáticos, creacións de xogos (Brincaletas, Edilim, ...), mínimo durante un trimestre.
- “Valores”. Pretendemos sensibilizar á comunidade educativa, á través dos libros, da importancia da educación en valores como a cooperación, solidariedade, tolerancia, respecto ...
- “Presentación das novidades”. Por parte do alumnado.
- “Lectura ao aire libre”. Este ano propoñemos facer esta actividade un día ao mes, onde os alumnos de cursos altos lean os máis cativos e viceversa.

- **Celebracións:**

- Día Internacional das bibliotecas escolares
- Día do libro
- Participación no Salón do libro
- Día da camelia
- Día da Paz e non violencia (DENEPE)
- Abril dos libros
- Día da Poesía
- Letras galegas
- Proxectos Escolas Asociadas UNESCO
- Maíos
- Letras Galegas

7.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación realizarase na reunión mensual do equipo de biblioteca, para ver o grao de consecución dos obxectivos e o desenvolvemento das actividades programadas, tomando como criterios : a xestión, funcionamento, a temporalización das actividades levadas a cabo, a implicación dos profesores, a participación da comunidade educativa, e o seguimento do Plan Lector, introducindo as modificacións que se consideren oportunas.

O remate do curso, ou cando proceda, elaboraranse formularios para avaliar os distintos aspectos no traballo das Bibliotecas Escolares.

8.- PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO:

A persoa designada como responsable/dinamizador é:

D.^a María de los Reyes Carballo Carballo.

O equipo estará formado por:

D.^a María del Carmen López González.

D.^a María Isabel García Tobío.

D.^a María del Carmen Miragaya de los Reyes.



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO

D.^a Sira Santiago Álvarez.

D.^a María del Carmen Formoso Fojo.

D.^a Carol González Rey.

Horario do Plan Lector:

De 12:00 á 12:20 horas.

O Horario da Biblioteca é o seguinte:

Durante o horario lectivo: de 09:00 á 14:00 horas, e de 16:30 á 18:30 horas (os luns, mércores e xoves).

Vto. e prace



Asdo. D. José Manuel Sánchez Moure
Director CEP Campolongo

Pontevedra 13 de maio de 2019

A responsable da Biblioteca

Asdo. D.^a María de los Reyes Carballo Carballo